



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Inglés para fins específicos	Código	613505102	
Titulación	Mestrado Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións (2019)			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	3
Idioma	Inglés			
Modalidade docente	Híbrida			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Alonso Giraldez, Jose Miguel	Correo electrónico	miguel.giraldez@udc.es	
Profesorado	Alonso Giraldez, Jose Miguel	Correo electrónico	miguel.giraldez@udc.es	
Web	www.imaes.eu/?page_id=31			
Descrición xeral	Inglés para fins específicos. Diferentes tipoloxías en ESP. Investigación e perspectivas aplicadas. Perspectivas do ESP. Temas históricos, pedagóxicos, sociolóxicos e lingüísticos en ESP. Facer investigación en ESP. Os métodos cuantitativos e cualitativos na investigación ESP. Toda a información relativa tanto ao programa desta materia, así como ao resto do Máster, pódese atopar na dirección Web arriba sinalada (nesta mesma páxina)			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A1	E01 Coñecemento dos principais modelos de investigación lingüística.
A5	E05. Coñecemento dos estudos do inglés con fins específicos e as súas aplicaciónns a outras disciplinas.
A8	E08. Coñecemento do papel do inglés nos distintos medios de comunicación.
A14	E14. Coñecer e aplicar técnicas e métodos de análise lingüística cuantitativos
A15	E15. Coñecer entornas laborais e profesionais onde o inglés ocupa un lugar relevante como medio e vehículo de expresión.
B1	CB6. Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, adoito nun contexto de investigación.
B5	CB10. Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun xeito que terá que ser, en grande medida, autodirixido e autónomo.
B7	CX2. Capacidade para aplicar os coñecementos adquiridos na contorna multidisciplinar e multifacética dos Estudos Ingleses
B8	CX3. Capacidade para utilizar de forma eficiente as novas tecnoloxías da información e da comunicación no ámbito dos Estudos Ingleses.
B9	CX4. Capacidade para presentar en público experiencias, ideas ou informes, así como emitir xuízos en función de criterios, de normas externas ou de reflexións persoais para o que será necesario alcanzar un dominio suficiente da linguaxe académica e científica tanto na súa vertente escrita como oral.
B10	CX5. Habilidade para investigar e manexar novos coñecementos e información no contexto dos Estudos Ingleses
B12	CX7. Habilidades de consolidación e desenvolvemento da competencia lingüística (nivel C2) no uso falado e escrito da lingua inglesa.
B14	CX9. Capacidade para realizar traballos de investigación de carácter académico nos distintos ámbitos dos Estudos Ingleses
B15	CX10. Capacidade para presentar e defender un traballo de investigación utilizando a terminoloxía e os recursos adecuados e apropiados dentro do campo obxecto de estudo.

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título



Adquirir coñecementos xerais sobre o ámbito do Inglés para Fins Específicos e un coñecemento máis profundo dunha ou varias das súas subdisciplinas.	AI1 AI5 AI8	BI5 BI7 BI8 BI9 BI10 BI14 BI15
Aplicar adecuadamente os coñecementos das variedades específicas do inglés na vida real, e na tradución de textos.	AI5 AI8	BI7 BI8 BI14
Investigar cunha metodoloxía axeitada seguindo os coñecementos adquiridos neste campo a través desta materia.	AI1 AI5 AI15	BI7 BI9 BI10 BI14 BI15
Familiarizarse cos conceptos e os temas fundamentais e desenvolver competencias básicas para o ensino do ESP	AI5 AI15	BI1 BI5 BI7 BI8 BI12
Familiarizarse coas principais ferramentas de investigación (datos, instrumentos analíticos, software relevantes, etc.) e desenvolver a capacidade de utilizalas no ESP, tanto para fins prácticos como de investigación.	AI5 AI14 AI15	BI10 BI14 BI15

Contidos	
Temas	Subtemas
Introdución ao inglés para fins específicos.	Cuestións históricas, pedagóxicas, sociolóxicas e lingüísticas.
Modalidades do Inglés para Fines Específicos.	Textos. Análisis de textos e documentos de ESP. Traducións e interpretacións. Estudos léxicos.
Aplicacións prácticas do inglés para fins específicos.	Documentos de uso común e termos en contexto.
Perspectivas de investigación e vertientes aplicadas.	A investigación no ámbito do Inglés para Fins Específicos. Métodos de investigación cuantitativos e cualitativos.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Foro virtual	B7 B8 B12	0	10	10
Seminario	A8 A14 A15 B1 B5 B10 B14	12	20	32
Presentación oral	B9 B15	2	10	12
Proba obxectiva	A1 A5 A8 B12	0	20	20
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Foro virtual	Traballo virtual (Moodle) en xeral encomendado ao alumno. Avaliación continuada.
Seminario	Proceso do sistema de ensino-aprendizaxe baseado no traballo cooperativo, no traballo en pares, xunto co apoio directo da teoría explicada polo profesor. Avaliación continuada.



Presentación oral	Parte do proceso de avaliación da materia. Os alumnos terán que usar o seu coñecemento adquirido e as destrezas da materia para realizar investigacións sobre ESP e presentalas oralmente, de maneira individual, a toda a clase. Poderá substituírse por outro tipo de proba. Avaliación continuada.
Proba obxectiva	Exame final.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Foro virtual Proba obxectiva	Resolución de problemas, consulta de dificultades, práctica. Os alumnos disporán de supervisión telemática durante o curso, mediante Teams, e-mail, Campus Virtual da UDC, etc.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Foro virtual	B7 B8 B12	Debate e aportacións no eido virtual entre os alumnos e o profesor ao longo do curso, en lingua inglesa. Moodle Udc Foros. Esta actividade é parte da chamada avaliación continuada da materia.	10
Proba obxectiva	A1 A5 A8 B12	Exame final. Requírese acadar 4/10 como nota mínima sumativa.	50
Seminario	A8 A14 A15 B1 B5 B10 B14	Traballos na aula, traballos avaliados e participación asistencia, ensaios potenciais, etc. Esta actividade forma parte da avaliación continuada da materia.	20
Presentación oral	B9 B15	Traballo de investigación sobre algunha das tipoloxías do ESP para presentar oralmente na clase. Individual. Esta proba poderá substituírse por outra, ou outras, oral ou escrita, segundo a decisión do profesor. Esta proba pertence á avaliación continuada da asignatura.	20

Observacións avaliación

A participación dos estudantes no curso será obxecto dunha avaliación continua. A asistencia regular será un requisito indispensable. Os alumnos con dispensa especial polos motivos que se sinalen deben comunicalo previamente ao profesorado. Ao longo do curso organizaranse diversas tarefas relacionadas cos contidos tratados, tales como a análise de mostras de textos, as presentacións diante do resto da clase, no seu caso, ou a redacción de ensaios. Contéplase así mesmo a realización dun pequeno proxecto de investigación, tentativo, como potencial tarefa adicional avaliable. Na avaliación destas actividades teranse en conta, entre outros, os seguintes factores: a capacidade de síntese da información obtida de distintas fontes; a claridade na exposición das ideas; a precisión no uso da terminoloxía e os conceptos específicos; a implicación nos seminarios e as actividades de grupo e cooperativas; o rigor e a orixinalidade na formulación das propostas de investigación; a exhaustividade e profundidade nas análises; e a utilización dun estilo académico axeitado.

Os mesmos procedementos de avaliación aplicaranse no caso dos estudantes cunha oportunidade adicional ou aqueles que retomen o curso. No caso dos estudantes cunha oportunidade adicional, para o compoñente de avaliación continua, o estudante pode ser requirido para repetir unha selección das actividades realizadas ao longo do curso ou para completar algunhas tarefas adicionais. En canto aos estudantes cunha exención oficial da asistencia a clases, a avaliación continua basearase na súa eventual finalización dos traballos establecidos a través do compoñente virtual do curso. Estes estudantes tamén deben someterse á proba final escrita (se é aplicable), na que deben acadar unha nota mínima de 4 puntos, ou, alternativamente, completar unha tarefa equivalente (ou conxunto de tarefas) especificada polos profesores, no seu caso. Na proba de xullo, os alumnos entregarán en prazo as actividades e exercicios adicionais solicitadas polo profesor, por exemplo traducións, antes de se presentaren ou exame escrito ou proba obxectiva. Os alumnos que non se presenten á proba escrita en xuño ou en xullo acadarán a cualificación de NON PRESENTADO. Aléntase aos estudantes a usar papel reciclado e pór en práctica métodos sustentables. Sobre os plaxios.

Nesta asignatura podería empregarse a ferramenta Turnitin na avaliación dos traballos e as actividades. Atendendo ás recomendacións da Xunta de Facultade, engádese o seguinte texto que deberá ser tido en conta polos estudantes: Turnitin é unha aplicación de uso para o profesorado coa finalidade de revisar porcións de texto procedentes doutros textos e sinalar a súa procedencia. Esta ferramenta pode recoñecer traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades, incluso do mesmo estudante. Se esta circunstancia acontecese entenderase como contraria á honestidade académica e aplicarase a Normativa académica de evaluaciones, de calificaciones y de reclamaciones na avaliación.



Fontes de información

Bibliografía básica

- Ventola, Eija; Celia Shalom & Susan Thompson (eds.) (2002). The Language of Conferencing.. Frankfurt am Main; New York: Peter Lang.
- Ventola, Eija & Anna Mauranen (eds.) (1996). Academic writing: intercultural and textual issues.. Amsterdam: John Benjamins.
- Swales, John M. & Christine B. Feak. (2000). English in today's research world: a writing guide.. Ann Arbor: University of Michigan Press.
- Hyland, Ken (2006). English for academic purposes: an advanced resource book. . London: Routledge
- Hutchinson, Tom & Alan Waters. (2006). English for Specific Purposes.. Cambridge: Cambridge U.P.,
- Fortanet, I., Palmer, J. C., Posteguillo, S. (eds.) (2004). Linguistic studies in academic and professional English.. Castelló de la Plana: Publicacions de la Universitat Jaume I.
- Flowerdew, John and Matthew Peacock (eds.) (2001). (2001) Research perspectives on English for academic purposes. Cambridge: Cambridge University Press.
- Dudley Evans, Tony & Maggie Jo St John (1998). Developments in English for Specific Purposes, A multi-disciplinary Approach.. Cambridge: Cambridge U. P.
- Belcher, D. (2009). English for specific purposes in theory and practice. Ann Arbor: University of Michigan Press
- Ammon, U. (Ed.). (2001). The dominance of English as a language of science. Effects on other languages and language communities. . Berlin: Mouton de Gruyter.

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías